

Acta da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

14 de marzo de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria ordinaria da CAM do 14/03/2023
- II. Asistentes da CAM do 14/03/2023
- III. PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2023/24

Ábrese a sesión ás 16 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta da Comisión, Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 13 de xullo de 2022.

A CAM aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

A presidenta agradece a María Araújo o seu traballo como secretaria da CAM e lembra que, a partir desta sesión, Guillermo García é quen vai desempeñar dita función.

2. Informe da Presidenta

A presidenta informa acerca dos seguintes temas:

- Viaxe fin de curso do alumnado do MUEM.
- Informe provisional favorable do selo EUR-ACE para a titulación e posta en valor xa que é o terceiro título do SUG correspondente a profesións reguladas que o acada.
- Enquisas de Satisfacción do PDI, alumnado e persoas egresadas; achegarase email lembrando que están abertas e pedindo a participación.
- Modificación da titulación. Informa da posta en marcha do proceso e que se conta cun prazo dun mes aproximadamente para elaborar a memoria provisional. Achegarase unha proposta base coa compilación das ideas recollidas na modificación das titulacións de grao no 2019.

3. Aprobación, se procede, do límite de prazas ofertadas para a titulación para o curso 2023/24.

Proponse manter as prazas ofertadas o curso pasado (formalmente non se pode reducir máis). A CAM acorda por asentimento ofertar 30 prazas. Aínda que non se pide, proponse manter a distribución por colectivos do curso anterior.

4. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2023/24.

A CAM acorda solicitar unha PDA de 1044 horas, correspondente a PDA mínima posible para o plan actual do Máster, ofertándose tódalas materias sen facer ningún desdoblamento de grupo (ANEXO III).

Este curso identifícase como carga docente básica a dos másteres G2030 e a dos correspondentes a profesións reguladas, como o MUEM. Por iso en cada materia a Vicerreitoría solicita que se indique a área de adscrición do profesorado en cursos anteriores. A Presidenta sinala que trátase dun rexistro, non dun encargo docente á área.

5. Aprobación, se procede, das persoas coordinadoras de Curso para o curso académico 2023/24.

A CAM aproba manter as coordinacións do curso anterior: Guillermo García coordinador de 1º curso e Marta Cabeza coordinadora de 2º curso. A Presidenta lembra que en base ao PAT do centro asumen as funcións de orientación as persoas que coordinan cada curso, polo que non é necesario designar de forma específica a persoa responsable desta función.

6. Aprobación, se procede, da proposta de reparto da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente do MUEM, para o curso 2023/24.

A Presidenta sinala que a bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente é de 36, das cales 20 son fixas e corresponden á coordinadora da titulación. A proposta que se fai de reparto da bolsa de horas da seguinte forma:

- Elena Alonso Prieto (Coordinadora da titulación): 20 horas
- María Araújo Fernández: 8 horas
- Guillermo García Lomba: 8 horas

A CAM aproba a proposta por asentimento.

7. Asuntos de trámite.

Non hai asuntos de trámite.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 16 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a catorce de marzo de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria ordinaria da CAM do 14/03/2023

Por orde da súa Presidenta, convócase a tódolos membros da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas a unha sesión ordinaria prevista para o martes 14 de marzo, ás 15:30 horas en primeira convocatoria e ás 16:00 horas en segunda, na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto**¹, e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 13 de xullo de 2022.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas ofertadas para a titulación para o curso 2023/24.
4. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2023/24.
5. Aprobación, se procede, das persoas coordinadoras de Curso para o curso académico 2023/24.
6. Aprobación, se procede, da proposta de reparto da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente do MUEM, para o curso 2023/24.
7. Asuntos de trámite.
8. Rogos e preguntas.

Vigo, 7 de marzo de 2023

O Secretario da CAM

Guillermo García Lomba

¹ Indicacións: acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal IDLD6QsL (ele-De- Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por *email* ao secretario da CAM (guille@dma.uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.



ANEXO II

Asistentes da CAM do 14/03/2023

Asistentes á CAM do 14 de marzo de 2023	
Elena Alonso Prieto	Presidenta
Guillermo García Lomba	Secretario
María Araújo Fernández	Representante da Comisión de Calidade do centro
Marta Cabeza Simó	Vogal
Teresa Rivas Brea	Vogal
Ana Rodríguez Rodríguez	Vogal
Javier Taboada Castro	Vogal



ANEXO III

PDA do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
para o curso 2023/24

Propuesta PDA para el curso 2023/2024. Máster Universitario en Ingeniería de Minas

Denominación da materia	ECTS	Tipo	Horas A	Horas B	Horas C	Grupos A	Grupos B	Grupos C	Horas/alumno
Procesos de Carboquímica y Petroquímica	6	OP	44	0	4	1	0	1	48
Energía térmica convencional y renovable	3	OP	24	0	0	1	0	0	24
Fundamentos de generación eléctrica	3	OP	18	6	0	1	1	0	24
Obtención y transformación de materiales metálicos	6	OP	24	18	6	1	1	1	48
Concentración de minerales	6	OP	38	8	2	1	1	1	48
Explotación sostenible de recursos mineros	7,5	OP	40	10	10	1	1	1	60
Explosivos y voladuras	6	OP	36	8	4	1	1	1	48
Diseño y ejecución de obras subterráneas	4,5	OP	20	10	6	1	1	1	36
Ingeniería de taludes	6	OP	18	30	0	1	1	0	48
Recursos renovablesy no renovables. Geomática avanzada	6	OP	16	32	0	1	1	0	48
Eficiencia térmica y cogeneración	6	OP	24	24	0	1	1	0	48
Modelización y evaluación de recursos mineros	6	OB	18	24	6	1	1	1	48
Ingeniería del agua	6	OB	38	10	0	1	1	1	48
Ingeniería de explosivos	6	OB	32	12	4	1	1	1	48
Ingeniería minera	6	OB	34	6	8	1	1	1	48
Ingeniería de minerales y materiales	6	OB	28	16	4	1	1	1	48
Matemáticas avanzadas	6	OB	28	20	0	1	1	0	48
Simulación aplicada a Mecánica de Fluidos	3	OB	16	8	0	1	1	0	24
Simulación aplicada a Mecánica de Sólidos	3	OB	8	16	0	1	1	0	24
Simulación aplicada a Geotecnia	3	OB	8	6	10	1	1	1	24
Simulación aplicada a procesos químicos	3	OB	8	16	0	1	1	0	24
Gestión integral de industrias mineras	6	OB	36	6	6	1	1	1	48
Gestión de recursos energéticos	6	OB	38	10	0	1	1	0	48
Túneles e infraestructuras subterráneas	6	OB	30	18	0	1	1	0	48
Automática	3	OB	16	8	0	1	1	0	24
Prácticas externas	9	OB							0
TFM	18	OB	12	0	0	1	1	1	12
			652	322	70				1044

	Módulo "Formación Avanzada en Tecnologías"
	Módulo "Formación Especializada en Tecnologías"
	Módulo "Simulación numérica en Ingeniería de Minas"
	Módulo "Prácticum"